

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA

A SIONLLA – ENFESTA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

XANEIRO 2020

DEFICIENCIAS E ARRANXOS PRECISOS NO CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA – A SIONLLA

0.- PUNTOS PRIORITARIOS E URXENTES

- 1.- LOCAL DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES**
- 2.- PATIO CUBERTO**
- 3.- PATIOS E ZONAS EXTERIORES**
- 4.- ENTRADA E ACCESO O CEIP**
- 5.- INTERIOR DO EDIFICIO:**

Neste documento pretendemos resumir o conxunto de necesidades e melloras precisas no noso centro, logo de moitos anos nos que o equipamento se foi deteriorando polo uso e o paso dos anos, e que en moitos casos non foi amañado ou ben se fixo un amaño mínimo para solucionar o problema rápidamente, pero o feito de non haber feito un investimento gradual durante os últimos anos, provoca que sexan moitas as cousas a amañar e solucionar.

PUNTOS PRIORITARIOS E URXENTES (solicitados en correo 14 xaneiro 2020)

- servizo de limpeza das salas do servizo de madrugadores (ver anexo limpeza páxina 3)
- arranxo dos xogos e valado do patio de infantil
- novo firme no patio traseiro de primaria



1.- LOCAL DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES

Ver anexo a partir da páxina 7.

2.- PATIO CUBERTO

- Pintura paredes e teitos, limpeza e pintado das superficies.
- Renovación do chan, nos días de choiva humedécese e chega a ser perigoso polo esbaradizo no que se converte.
- Porta acceso patio cuberto-patio exterior: cubrir a zona de corredera da porta con unha protección para evitar atrapamentos de máns ó abrir ou pechar a porta.
- Sustitución das luminarias por iluminación led con menos consumo e maior calidade de luz, incrementar os puntos de luz necesarios xa que en días nubrados e oscuros a visibilidade é deficiente
- Sustitución da uralita de fibra translúcida do lateral para que permita mellor iluminación natural.

3.- PATIOS E ZONAS EXTERIORES

- Arranxar toda a cerca exterior con celosías en mal estado, so se arranxou a parte frontal.
- Patio infantil: cubrir con tellado unha zona xunto o depósito do gas, para ter unha zona de sombra, precisa nos días de moita calor.
- Limpeza de zona denegridas nas paredes do centro, sobretudo na entrada o CEIP.
- Limpeza e lavado a presión do chan en zonas esbaradizas pola acumulación de musgo e suciedade, aceras, patios, etc.
- Areeiro: buscar alternativa a area, xa que por mor da colonia de gatos non se pode usar o areeiro en todo o curso, polo cal é un espazo perdido. É unha zona moi útil no verán durante o descanso logo do comedor, xa que nos días de moita calor é a única zona de sombra no patio infantil. Poñer chan de goma ou formigón, tendo en conta que esa zona sería a ubicación necesaria para unha escaleira de emerxencia para as prantas superiores do edificio.
- Saneamento que desborda cando chove no patio de primaria traseiro, votando lixo para fora co anegamento.

- Precísase algún recinto cuberto que poida ser usado para actividades deportivas cando chove. Non hai polideportivo nin nada parecido, só un pequeno patio cuberto para que os nenos non se mollen.
- Saída de emerxencia na parte traseira, as plantas 1 e 2 non contan con outra saída que non sexa a principal, en caso de incendio ou emerxencia, as aulas situadas no final do pasillo teñen difícil saída. Debería existir escaleira exterior de emerxencia.

4.- ENTRADA E ACCESO O CEIP

- Cubrir o acceso dende o portal de entrada ata a entrada do edificio e entrada do patio cuberto, para evitar que o alumnado se molle na entrada e saída do centro. (a hora de cubri-lo teríase en conta o posible paso de camións dende o portalón grande ata a zona que quedaría illada pola nova cuberta, onde se ubica o contenedor de papel; e tamén ó caron das aulas de infantil da planta baixa ha de permitir o paso da luz para as ventás de esas aulas).
- Baixo esta cuberta facer unha acera-lomba de formigón sobreelevada e con pendente hacia ambos lados, que evite a acumulación de auga e pozas, para ter unha zona seca baixo a cuberta, para evitar que o alumnado vaia pisando as pozas a entrada e saída do centro.
Esta cuberta tamén aportaría unha zona de sombra no patio da entrada para os días de calor
- A zona asfaltada diante do edificio acumula a auga por mal desnivel do chan, non é posible o acceso ó centro nin o local de madrugadores cando está todo anegado. É preciso reasfaltar con desnivel adecuado para evitar pozas.



- Na rúa diante do centro, os sumidoiros e o desnivel da vía non son suficientes para canalizar toda a auga en días de choiva, formándose regos de auga que ocupan o espazo que o alumnado ten que utilizar para acceder ós autobuses.



- Poda exhaustiva dunha maceira que verte as mazás maduras no patio traseiro do centro, facendo que en outono se encha de velutinas na búsqueda dos froitos, polo que é preciso pechar parte do patio, e aínda así a presenza das velutinas nas proximidades é permanente.



5.- INTERIOR DO EDIFICIO

- Arranxo e renovación por fases dos baños
- Tubaxe de auga de ferro. Sae a auga avolta e mesturada con óxido. Esta auga úsase para beber o alumnado no comedor.
- Sustitución da carpintería de madeira, portas e demais elementos.
- O centro non ten ascensor nin ningún tipo de instalación que permita ser usado por persoas con problemas de mobilidade (incapacidade, muletas, etc..)